

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA IMPULSAR POLÍTICAS DE BENESTAR ANIMAL NA NOSA CIDADE

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para impulsar políticas de benestar animal na nosa cidade.

Exposición de motivos

Os animais son seres vivos e sentintes, e coma tal posúen uns dereitos que deben ser respectados. Así mesmo, teñen necesidades básicas e intereses que deben ser cubertos e protexidos a través dunha regulación que debe ir avanzando ata conseguir un benestar animal real e total. A relación de convivencia entre as persoas e os animais é algo común e frecuente, resultando imprescindible a articulación dunha normativa que protexa aos animais regulando as obrigas dos seus propietarios, así coma tamén vele pola seguridade das persoas e saúde pública.

Afortunadamente, nos últimos anos foi aumentando a sensibilidade de cara a diferentes situacións que sofren os animais coma o maltrato ou o abandono, dando lugar á aprobación de normativas encamiñadas ao sacrificio cero ou á eliminación da súa participación en espectáculos e feiras. Lentamente, a lexislación vai avanzando de cara a garantirlles unha vida digna e nas mellores condicións conforme a súa natureza.

Ao mesmo tempo, a sociedade é máis consciente das necesidades que teñen todos os animais e cada vez é máis frecuente a demanda de accións por parte dos seus representantes para poñer solución a problemas que se xeran tanto por abandonos ou maltrato coma por saúde pública, amosando unha implicación de toda a cidadanía polo

seu benestar. Do mesmo xeito, existe un aumento na demanda de melloras e ampliación dos servizos que a administración destina ao benestar animal, coma poden ser os parques caninos.

Para seguir avanzando coma sociedade consideramos que é preciso e imprescindible educar e concienciar á cidadanía no respecto e tolerancia cara os seres vivos, así coma o trato digno de calquera animal que precise ser atendido pola administración. Igualmente, é fundamental impulsar a tenencia responsable de animais e ofrecerlle a cidadanía diferentes espazos e recursos para que a convivencia con eles sexa o máis favorable posible para ambos.

O benestar animal constitúe un compromiso que debe asumir calquera sociedade e en consecuencia todas as administracións públicas, polo que consideramos fundamentais os seguintes obxectivos para unha consecución real do benestar animal no noso concello, por todo elo, traemos esta moción ao Pleno da Corporación para a aprobación dos seguintes **acordos**:

1. Concienciación da veciñanza sobre a tenencia responsable, a importancia da esterilización e a eliminación do maltrato animal en todas as súas formas e o abandono, sendo preciso que dende a administración se articulen campañas educativas neste ámbito, sobre todo cos máis pequenos e pequenas coma víñase facendo durante o mandato de Ferrol en Común co programa Canvivindo en colaboración coa unidade de cans de rescate Casaga.

2. Acabar coa sensación de impunidade que hai fronte ao maltrato animal e actuar aplicando a normativa aprobada nesta materia.

3. Realización de formación específica sobre protocolos de actuación para os profesionais que deben facer fronte a situacións nas que están implicados animais, coma pode ser a policía local, os bombeiros, protección civil ou os técnicos de benestar social.

4. Aplicación do sistema CES (captura, esterilización e solta) en todas as colonias felinas, así coma elaboración dun mapeo e sinalización das mesmas, formación dun grupo de voluntariado para o seu coidado e habilitación adecuada dos espazos nos que exista unha colonia.

5. Mantemento e mellora dos parques caninos da cidade, ademais da substitución dos pechamentos actuais por outros ríxidos nos que non se xeren buratos e roturas que causan un perigo non só para os cans se non tamén para a seguridade viaria e da veciñanza en xeral.

6. Habilitación dunha praia canina, débeda pendente deste concello.

7. Colaboración coas protectoras da cidade e da comarca para desenrolar unha actuación conxunta de cara á consecución do benestar animal pleno, ademais da creación dunha liña de subvencións para que poidan desenvolver a súa labor dun xeito digno, tendo en conta que gran parte do peso en materia de adopcións, coidados ou recollida de animais abandonados recae sobre elas.

8. Continuar coa mellora progresiva do refuxio de animais de Mougá dende a mancomunidade de concellos.

9. Avanzar na contratación de fogos de artificio sen ruído, que causan medo e reaccións imprevisibles e perigosas nos animais. Ademais de ser tamén os causantes de importantes perturbacións en nenos e nenas con condición do espectro autista, que padecen unha hipersensibilidade aos sonidos en xeral.

10. Aumentar a partida para Benestar Animal nos orzamentos municipais. Se todas as propostas non van acompañadas de medios e recursos será imposible converter Ferrol nunha verdadeira cidade comprometida co benestar animal.

Ferrol, 24 de maio de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común